

INTRODUCCIÓN

A actividade física e o deporte son un dereito da persoa, que como tal, precisa levar a cabo para o seu propio desenvolvemento, e onde as súas discapacidade físicas, psíquicas, sensoriais ou orgánicas, non deben ser tomadas en consideración para cuestionar este dereito.

O deporte está conseguindo unha serie de melloras en todos os ámbitos da vida, pero moito máis, para as persoas con discapacidade posto que axuda a abstraerse, fortalece psiquicamente e, o que é máis importante, crea un entorno adecuado e sinxelo para a autosuperación non soamente física ou psíquica senon tamén social.

Desde a Concellaría de Deportes entendemos da necesidade de crear un programa específico para todas aquelas asociacións locais que agrupan a persoas con discapacidade, e que precisan da máxima colaboración institucional para poder acadar uns mínimos obxectivos de participación, mellora e autosuperación.

OBXECTIVOS

1. Lograr unha integración social plena da persoa con discapacidade a través dunha práctica deportiva regular.
2. Coñecer o corpo e o seu esquema corporal (conceptos tales como: lateralidade, equilibrio, coordinación, etc).
3. Coñecer e aprender a convivir coas limitacións propias.
4. Traballar as capacidades físicas básicas (forza, velocidade, flexibilidade e resistencia) na procura dunha mellora do estado de saúde.
5. Fomentar a autosuperación.
6. Promover e ofertar actividades que potencien a socialización entre os participantes.
7. Familiarizarse, coñecer e dominar o medio acuático.

DESTINATARIOS

Organizacións de iniciativa social do ámbito socio-sanitario inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións cujos asociados, pola súa discapacidade, presenten necesidades especiais para a realización da práctica deportiva.

A idade mínima de participación será de 6 anos, non sendo aceptados aqueles colectivos (ou persoas, que estean ou teñan a dispoñibilidade, de achegarse ao recurso a través doutros programas en vixencia) que estean "escolarizados".

ESTRUTURA DO PROGRAMA

O programa de Actividade Física Adaptada está constituído por dous módulos, totalmente independentes:

- Módulo de Actividade Física Adaptada en seco.
- Módulo de Actividade Física Adaptada no medio acuático.

PROGRAMAS

Programa de Actividade Física Adaptada:
Módulo de Actividade Física Adaptada en seco
Módulo de Actividade Física Adaptada no medio acuático

DESTINATARIOS

Organizacións de iniciativa social do ámbito socio-sanitario inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións cujos asociados, pola súa discapacidade, presenten necesidades especiais para a realización da práctica deportiva

INSTALACIÓNS

Piscina do Multiusos Fontes do Sar • Pavillón Municipal do Restollal

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN

Departamento de Deportes do Concello de Santiago

Teléfono: 981 528 730



**actividade física
adaptada**

**Programa de actividades deportivas 09
para a plena integración social das persoas
con discapacidade**

MÓDULO DE ACTIVIDADE FÍSICA ADAPTADA EN SECO

Horario	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10.00 a 11.00 h.	10 prazas		15 prazas		12 prazas
11.00 a 12.00 h.	10 prazas		15 prazas		12 prazas
12.00 a 13.00 h.	10 prazas		15 prazas		12 prazas
13.00 a 14.00 h.	10 prazas		15 prazas		12 prazas

O número máximo de participantes por colectivo/hora en ningún caso poderá exceder dos reflectidos na táboa superior. Para que se poidan celebrar as sesións, o número mínimo de participantes será o seguinte:

- Persoas con discapacidade orgánica, sensorial e física leve 5.
- Persoas con autismo e persoas con enfermidade mental leve 5.
- Persoas con discapacidade intelectual leve e moderada 4.

O número de instrutores que impartirán as sesións será de 3.

MÓDULO DE ACTIVIDADE FÍSICA ADAPTADA NO MEDIO ACUÁTICO

Horario	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10.00 a 10.45 h.	3 Instrutores 30 usuarios	2 Instrutores 20 usuarios		2 Instrutores 20 usuarios	
10.45 a 11.30 h.	5 Instrutores 10 usuarios			4 Instrutores 10 usuarios	
11.30 a 12.15 h.	5 Instrutores 15 usuarios			4 Instrutores 15 usuarios	5 Instrutores 15 usuarios
12.15 a 13.00 h.		4 Instrutores 10 usuarios			

O número máximo de participantes por colectivo/hora en ningún caso poderá exceder dos reflectidos na táboa superior. O número mínimo de participantes para que se poida desenvolver a actividade será:

- Persoas con discapacidade orgánica, sensorial e física leve 5.
- Persoas con autismo e persoas con enfermidade mental leve 5.
- Persoas con discapacidade intelectual leve e moderada 4.

ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DAS SESIÓNS

Será a empresa quen estructure as sesións en función do colectivo e dos seus obxectivos e contidos. De igual xeito, será responsabilidade da empresa dispor do material necesario para a correcta celebración das sesións.

No caso de que algún colectivo precise persoal especializado (tradutores, coidadores, etc) ou de apoio, éste correrá pola súa conta, precisando o visto e prace da empresa responsábel.

INSCRICIÓN

Para facer unha reserva de praza efectiva terá que ser a propia entidade interesada quen entregue no Departamento de Deportes do Concello a folia de inscrición debidamente cuberta e acompañada da documentación pertinente.

A orde de entrega da documentación será o criterio utilizado para a reserva de praza, tendo preferencia aquelas entidades que xa veñen participando en propostas similares.

Serán as entidades interesadas as que fagan unha selección das persoas que van participar no/nos módulo/s, tendo en conta que os/as alumnos/as que se inscriban deberán ter autonomía suficiente como para poder desenvolverse na instalación e no transcurso das actividades.

OBRIGAS DAS ENTIDADES

- Garantir que os participantes non teñan enfermidades infecto-contaxiosas, nin doutra índole que os inhabilite para o desempeño das sesións de actividade física adaptada.
- Garantir o traslado dos/as alumnos/as, desde a súa recollida ata a instalación onde se realicen as actividades.

